


| | | | |
|--|---|----------------|-------------------------------|
|  | IES de Mugar dos. Departamento deGREGO..... | | 1.º BAC 2019 - 2020 |
| | MATERIA | GREGO | |
| | PROFESOR/A | BEGOÑA ALLEGUE | |

CONTIDOS

| | Unidade nª | Táboa de unidades | Descrición |
|------------------|------------|--------------------------------|---|
| 1ª avaliación | Nº 1 | A civilización cretense. | O indoeuropeo- Breve historia da lingua grega- O alfabeto- Signos de acentuación e puntuación- Clasificación dos fonemas- Transcrición- A civilización cretense |
| | Nº 2 | A civilización micénica. | Concepto de flexión- Valor e uso dos casos- 2º declinación (temas en o)- Clasificación do verbo grego- Indicativo do verbo εἰμί- A oración simple- A civilización micénica. |
| | Nº 3 | A Época Arcaica. | 1ª declinación (temas en α pura, α impura e η)- O artigo- Adxectivos da 1ª clase- Os pronomes demostrativos- As preposicións (I)- Clasificación do verbo grego- Tempos de indicativo activo do verbo λύω- A reduplicación- A Época Arcaica. |
| 2ª avaliación | Nº 4 | A Época clásica e helenística. | Terceira declinación: temas en oclusiva, nasal, ντ, líquida e silbante- A preposición (II)- O pronomes persoal e posesivo- O infinitivo- Sintaxe do infinitivo concertado- A época clásica e helenística. |
| | Nº 5 | As clases sociais. | Terceira declinación: temas en vocal e diptongo- Os pronomes indefinido, interrogativo e relativo- A oración de relativo- A sociedade grega: as clases sociais, |
| | Nº 6 | A familia. | Imperativo, subxuntivo, optativo do verbo λύω- Sintaxe do infinitivo non concertado. A familia |
| 3ª avaliación | Nª 7 | O panteón olímpico | Aumento silábico e temporal- O participio activo- Sintaxe do participio concertado e non concertado- Relixión e mitoloxía: rasgos distintivos da relixión grega, o panteón olímpico |
| | Nº 8 | O héroe grego. | A voz media: valores, tempos e modos- As oracións completivas. Introducidas por conxunción, introducidas por pronomes ou adverbios, completivas de infinitivo e de participio- O héroe grego |
| | Nº 9 | Oficios, ciencia e técnica. | Os graos do adxectivo: o adxectivo comparativo e superlativo- As oracións circunstanciais (I): causais, temporais, finais e consecutivas- Traballo e lecer (I): oficios, ciencia e técnica. |
| | Nº 10 | Traballo e lecer. | A voz pasiva: valor, tempos e modos- A expresión do suxeito axente- As oracións circunstanciais (II): comparativas, condicionais, concesivas- Traballo e lecer (II): festas e espectáculos. |

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será positiva cando se acaden os criterios mínimos fixados. **A avaliación final** será positiva cando o sexa a terceira, xa que a avaliación continua supón un proceso formativo no que se atenderá á consecución final dos obxectivos propostos.

*Avaliación extraordinaria. A avaliación extraordinaria constará dunha proba escrita. Será positiva a partir dunha cualificación de 5.

- Probas de recuperación. Non están contempladas as probas de recuperación. Se un alumno non acada os mínimos esixibles nunha avaliación terá que realizar tarefas de reforzo.

- Ausencia xustificada a unha proba escrita. O alumno terá que realizar unha proba de similares características ao día seguinte á súa incorporación.
- Se un alumno é sorprendido copiando durante a realización dunha proba escrita, se lle retirará o examen que será cualificado conha nota de 0. Se o profesor non pode demostrar con probas físicas o feito e ante a firme negación deste por parte do alumno, poderalle pedir a repetición da proba de xeito oral.

Criterios de cualificación

- As probas escritas terán un peso na cualificación dun 80%. Realizaranse, a lo menos, dúas probas ao longo de cada avaliación e unha proba final que terá un peso dun 60% con respecto ás outras dúas que ponderarán un 20%.
- Os traballos obrigatorios terán un peso na cualificación dun 15 %.
- A revisión das tarefas e do traballo na aula terán un peso na cualificación dun 5%.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas

TIC

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

Asistencia a unha representación dunha obra de teatro clásico